BB2.5.1.	2ª avaliación	Relacionar a meiose coa reprodución sexual e co aumento de variabilidade e de evolución
BB2.6.1.	2ª avaliación	Comparar e distinguir os tipos de transporte a través da membrana
BB2.7.1.	2ª avaliación	Definir os procesos catabólico e anabólicos
BB2.8.1.	2ª avaliación	Situar a nivel celular os procesos metabólicos, diferenciando as rutas e os encimas que interveñen
BB2.9.1.	2ª avaliación	Comparar as vías aerobias coas anaerobias respecto a o seu rendemento
BB2.9.2.	2ª avaliación	Valorar a importancia das fermentacións
BB2.10.1.	2ª avaliación	Identificar e clasificar os tipos de organismos fotosintéticos
BB2.10.2	2ª avaliación	Localizar a nivel celular as fases da fotosíntese e os procesos que teñen lugar
BB2.11.1.	2ª avaliación	Destacar a importancia da fotosíntese para o mantemento da vida na Terra
BB2.12.1.	2ª avaliación	Valorar o papel biolóxico dos organismos quimiosintéticos

BB3.1.1.	2ª avaliación	Describir a estrutura e a composición química do ADN e a súa importancia como molécula responsable da herencia
BB3.2.1.	2ª avaliación	Diferenciar as etapas da replicación e as enzimas que interveñen
BB3.3.1.	2ª avaliación	Establecer a relación do ADN coa síntese de proteínas
BB3.4.1.	2ª avaliación	Diferenciar os tipos de ARN e a súa función
BB3.4.2.	2ª avaliación	Recoñecer as características do código xenético
BB3.5.2.	2ª avaliación	Resolver exercicios de replicación, transcrición e tradución
BB3.5.3.	2ª avaliación	Identificar e distinguir as encimas relacionadas cos procesos de transcrición e tradución
BB3.6.1.	2ª avaliación	Describir o concepto de mutación e describir a relación cos fallos na transmisión da información xenética
BB3.6.2.	2ª avaliación	Clasificar as mutacións e identificar os axentes mutaxénicos

BB3.7.1.	2ª avaliación	Asociar a mutación co cancro
BB3.7.2.	2ª avaliación	Destacar a importancia das mutacións na evolución
BB3.8.1.	2ª avaliación	Realizar investigacións sobre as técnicas de manipulación xenética para obter organismos transxénicos

BB3.9.1.	2ª avaliación	Recoñecer os descubrimentos sobre o xenoma humano e as súas aplicacións
BB3.10.1	2ª avaliación	Analizar os principios da xenética mendeliana de caracteres autosómicos e ligados ao sexo
BB3.11.1.	2ª avaliación	Argumentar o feito evolutivo
BB3.12.1.	2ª avaliación	Identificar e compara as teorías darwinistas e neo darwinista
BB3.13.1.	2ª avaliación	Distinguir os factores que inflúen nas frecuencias xénicas
BB3.13.2.	2ª avaliación	Comprender e aplicar modelos de frecuencias xénicas na investigación
BB3.14.1.	2ª avaliación	Destacar a relación entre mutación e recombinación, co aumento de diversidade e evolución das especies
BB3.15.1	2ª avaliación	Distinguir os tipos de especiación

BB4.1.1.	3ª avaliación	Clasificar os microorganismos nos seus grupos taxonómicos
BB4.2.1.	3ª avaliación	Analizar a estrutura e a composición dos microorganismos e destaca as súas funcións
BB4.3.1.	3ª avaliación	Describir técnicas que permitan o estudo dos microorganismos

BB4.4.1	3ª avaliación	Recoñecer o papel dos microorganismos nos ciclos xeoquímicos
BB4.5.1.	3ª avaliación	Relacionar os microorganismos patóxenos coas doenzas que orixinan
BB4.6.1.	3ª avaliación	Analizar a intervención dos microorganismos en procesos industriais e as aplicacións
BB4.6.2.	3ª avaliación	Recoñecer os tipos de microorganismos que interveñen nos procesos fermentativos
BB4.6.3.	3ª avaliación	Valorar as aplicacións da biotecnoloxía e a enxeñería xenética na obtención de produtos farmacéuticos, medicina, biorremediación
BB5.1.1	3ª avaliación	Analizar os mecanismos de autodefensa dos seres vivos e identificar os tipos de resposta inmunitaria

BB5.2.1.	3ª avaliación	Describir as características e métodos de acción das células implicadas na resposta inmune
BB5.3.1.	3ª avaliación	Comparar as características das resposta inmune primaria e secundaria

BB5.4.1.	3ª avaliación	Definir conceptos de antígeno e anticorpo e reconecer a estrutura e composición química dos anticorpos
BB5.5.1.	3ª avaliación	Clasificar os tipos de reacción antígeno anticorpo
BB5.6.1.	3ª avaliación	Destacar a importancia da memoria inmunolóxica na resposta inmune e asociaa coa síntese de vacinas e soros
BB5.7.1.	3ª avaliación	Resumir as alteracións do sistema inmunolóxico e indicar diferenzas entre alerxias e inmunodeficiencias
BB5.8.1.	3ª avaliación	Describir a ciclo do VIH
BB5.9.1.	3ª avaliación	Clasificar e citar exemplos de doenzas autoinmunes
BB5.10.1.	3ª avaliación	Reconecer as aplicacións da inmunoloxía e da enxeñería xenética para producir anticorpos monoclonais
BB5.10.2.	3ª avaliación	Describir os problemas asociados ao transplante de órganos
BB5.10.3.	3ª avaliación	Clasificar os tipos de transplantes e relaciona os coa doazón de órganos, médula e sangue

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS EN 2º DE BACHARELATO

1ª avaliación: 40 sesións

2ª avaliación: 50 sesións

3ª avaliación: 30 sesións

5. Concrecións metodolóxicas que require a materia

A metodoloxía ten que ser un conxunto de estratexias de procedementos e accións que estean organizadas e planificadas por parte do profesorado para posibilitar a aprendizaxe do alumnado e a consecución das competencias. A metodoloxía ten que ser activa e participativa, favorecendo o traballo individual e cooperativo do alumnado así como o logro das competencias correspondentes da súa etapa.

O alumnado ten que sentirse activo, formando parte dun equipo e ter una educación inclusiva non selectiva.

Dun xeito xeral os principios serán os seguintes:

- Temos que partir do nivel do alumnado que corresponde ao nivel de desenvolvemento no que se encontran os alumnos, e os coñecementos previos que posúen
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativos que permitan ao alumnado ter una actitude favorable para aprender
- É necesario que o alumnado sexa capaz de aprender a aprender, para o que é preciso adquirir estratexias de aprendizaxe e de funcionamento da memoria
- Modificar os esquemas de coñecemento
- Adestrar as diferentes estratexias que aseguren a o alumnado a aprender a aprender
- Potenciar actividades que permitan establecer relacións entre os novos contidos e os previos

Dun xeito específico os principios serán os seguintes:

- A importancia dos coñecemento previos do alumnado
- Unha programación que se adapta as necesidades da materia, na que destaque un afondamento científico de cada un dos contidos da materia. Tendo en conta os bloques de conceptos e as destrezas, técnicas e experiencias da actividade da ciencia
- A exposición polo profesorado e a participación do alumnado, fomentado a propia aprendizaxe por parte do alumnado
- Unha referencia ao conxunto da diferentes etapas, para conseguir una formación integral do alumnado facilitando a súa autonomía persoal e a formación de criterios e a relación coa sociedade e o acceso a cultura

Utilizaranse diversos métodos didácticos como:

- Interrogatorio: preguntas frecuentes para animar ao alumnado a a participar
- Indutivo: partir dun análise de fenómenos particulares para poder xeneralizar
- Dedutivo: aplicar a fenómenos concretos proposicións de carácter xeral
- Investigativo: propiciar procesos de búsqueda e elaboración de informes para favorecer novos coñecementos
- Dilaléctico: chegar a conclusións tras análises e síntesis entre todos

A metodoloxía debe empregarse a partir do EA, actividades que poden ser.

- Identificación e exposición de problemas
- Formulación de hipóteses
- Busca de información
- Validación das hipóteses
- Conclusións

No desenvolvemento das actividades debe terse en conta:

- O diagnóstico inicial
- O traballo individual
- O traballo en grupo
- Os debates entre os distintos grupos para poder sacar conclusións

Pasos par poñer en práctica as estratexias serán:

- Observación
- Descrición
- Explicación
- Dedución
- Aplicación
- Conclusións

O enfoque metodolóxico deberá ter en conta o seguinte:

- Diseñar actividades de aprendizaxe
- Nas actividades de investigación clasificaranse polo seu grao de dificultade
- Os docentes promoverán que o alumnado sexa capaz de aplicar as aprendizaxes en diferentes contextos
- Deberase fomentar a reflexión e a investigación, e a realización de tarefas que supoñan un reto e desafío intelectual para o alumnado
- Tareas e proxectos que supoñan o uso da lectura, escritura, TIC e expresión oral, mediante debates ou presentación orais
- Actividade que favorezan o traballo individual, en equipo ou cooperativo
- Organizar contidos arredor de núcleos temáticos ou próximos
- Seleccionar materiais e recursos didácticos diversos, variados, interactivos e accesibles.

Poderanse realizar agrupamentos do alumnado en función das actividades que van a desenvolver. Estes grupos serán heteroxéneos e se lles proporcionara ferramentas que lles axuden a organizar o traballo de maneira autónoma e consensuada, ademais de distribuír os roles en función das habilidades e intereses, ademais de establecer prazos, realizar propostas, realizar debates, argumentar, tomar decisión, consensuar propostas e elixir os materiais necesarios.

As agrupacións para traballar poden ser:

- Traballo individual: para actividades de reflexión persoal e de control e avaliación
- Grupos pequenos: para reforzo do alumnado que vai máis lento ou máis rápido, ou para traballo específico
- Agrupamentos flexibles: para respostas puntuais, como nivel de coñecemento, interese, motivación etc.

Tamén debe terse en conta a organización do espazo, según unhas condicións de accesibilidade e nos discriminación para garantir a todo o alumnado a participación nas actividades estas poden ser:

- Dentro da aula: dispoñer as mesas e cadeiras de forma espaciais diferentes sempre e cando se poidan garantir as distancias de seguridade.
- Fóra da aula: poden ser na aulas de informática, na biblioteca, no laboratorio, no salón de actos, etc., se a evolución da pandemia o permite.
- Fora do centro: visitas que se podan realizar dentro da localidade ou fora en función da evolución da pandemia.

6. Materias e recursos didácticos que se vaian utilizar

Os materiais que se van a utilizar terán que axustarse a un conxunto de criterios homoxéneos nos que debe terse en conta o seguinte:

- Adecuación ao contexto educativo do centro
- Correspondencia dos Obxectivos propostos na programación
- Coherencia dos contidos cos Obxectivos e incluso cos temas transversais
- Acertada progresión dos contidos e Obxectivos e a súa correspondencia co nivel e a lóxica de cada materia
- Adecuación aos criterios de avaliación do centro
- Variedade de actividades, tendo en conta as diferencias individuais
- Claridade de amenidade gráfica e expositiva
- Existencia doutros recursos que facilitan a tarefa educativa

Entre os recursos didácticos o profesorado pode utilizar.

- O libro de texto (nos niveis que o teñan)
- Material de laboratorio
- Fotografías e debuxos de células, animais, vexetais, virus, fórmulas etc.
- Microscopio
- Lupa binocular
- Preparacións microscópicas
- Colección de rochas e minerais
- Colección de fósiles
- Guías de plantas, animais, rochas, minerais e fósiles
- Planisferio celeste
- Aparatos de medida
- Produtos químicos
- Libros de apoio do departamento de Bioloxía e Xeoloxía
- Bibliografía de consulta na aula e na biblioteca do centro
- Uso das TIC
- Utilización da Aula Virtual
- Vídeos
- Uso de materiais que dan as editoriais dos libros de texto
- Vídeo conferencia Webex

7. Avaliación

• Procedementos de avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nas primeiras semanas do curso académico.

Ao comezo de cada unidade ou bloque de unidades farase tamén unha valoración inicial, para guiar o enfoque de cada unha delas atendendo ás necesidades existentes.

A avaliación inicial do curso realizarase a partir dunha proba escrita con preguntas de formato variado (test, interpretación de gráficas, resolución de problemas, etc.) relacionadas cos estándares correspondentes ao curso actual dos que o alumnado pode ter coñecementos previos. Será tamén importante a observación do alumnado para recoller a máxima información posible.

A avaliación inicial das unidades do curso poderá realizarse a través de tormentas de ideas relacionadas coa unidade a tratar, cuestionarios ou preguntas directas, etc. Detectaranse así os coñecementos previos do alumno para relacionalos cos novos que está a adquirir.

Segundo os resultados, deseñaranse estratexias didácticas para aplicar a practica docente á realidade do grupo e das súas singularidades, e levaranse a cabo reforzos e adaptacións curriculares, de ser precisas.

• Procedementos de avaliación continua

Consideracións xerais

- O formato das preguntas das probas escritas poderá ser moi diverso (preguntas de definir, outras de completar textos ou frases, completar debuxos ou gráficos, resolución de problemas, preguntas de desenvolver coñecementos teóricos, de “verdadeiro ou falso”, construción de frases a partir de termos propostos polo profesor, etc.), de maneira que se poida comprobar a consecución dos obxectivos no maior número de aspectos posible.

- De non indicarse o contrario, todas as preguntas terán o mesmo valor.

- Poderán facerse probas “tipo test” cun número variable de preguntas. O modo de cualificación será especificado na proba.

- No caso de que un alumno copie nun exame ou axude a outros a facelo, a cualificación será de 0 puntos e esa nota será tida en conta para o cálculo da nota media.

- Durante as probas escritas, non se permitirá o uso de ferramentas tecnolóxicas que permitan o almacenamento de información, contacto co exterior ou conexión a Internet (tales como teléfonos móbiles, reloxos intelixentes, etc.) Deberán permanecer apagados e gardados ou custodiados pola profesora, sendo a súa presenza manifesta na aula motivo suficiente para cualificar a proba escrita con 0 puntos.

- Como mínimo o 50% das preguntas propostas basearanse nos mínimos exixibles, pero poderá haber en cada proba preguntas que supoñan unha maior dificultade.
- O número de exames a realizar por avaliación será variable, e dependerá sempre dos contidos impartidos e da súa dificultade.
- Nas clases realizaranse actividades semellantes ás que se incluírán nas probas escritas.
- Poderán penalizarse as faltas de ortografía. Nestes casos, indicárase no exame.
- O tempo de realización destas probas será habitualmente o de duración dunha sesión de clase, é dicir, 50 minutos. Se fose necesario amplíalo acordárase coa profesora.
- O alumnado que non acuda a unha proba terán dereito a que se lles realice o exame noutra data se a súa ausencia é debidamente xustificada en tempo e forma (de acordo coas normas do centro). En caso de non xustificalo, a proba será valorada con 0 puntos.

Número e temporalización das probas escritas

Con carácter xeral, realizaranse dúas ou tres probas escritas por avaliación (especificadas nas táboas coa secuenciación de contidos), unha por unidade. No caso de realizarse algunha modificación neste aspecto, reflectirase no seguemento da programación feito polo departamento.

Cualificación das probas e traballos

As probas escritas suporán un 80% da cualificación final de cada unidade, e o 20% restante corresponderá ao traballo e actitude relacionado coa unidade.

No apartado 4 deste documento inclúese a ponderación de cada un deses apartados na nota final para cada avaliación (ver táboa correspondente, apartado Instrumentos de avaliación). Dentro de cada apartado, a profesora ponderará cada actividade de acordo co seu criterio (atendendo á súa dificultade, relevancia, etc.)

Para cualificar o apartado correspondente aos traballos individuais ou en grupo terase en conta a orixinalidade do traballo realizado, a selección, calidade e o rigor das fontes de información, a aportación persoal do alumno, a capacidade de síntese e de relacionar conceptos, o vocabulario utilizado, a entrega no prazo fixado (de non realizarse en tempo, serán cualificados con 0 puntos), a presentación correcta ...

O traballo de investigación terá como máximo o mesmo valor na avaliación final que unha unidade máis.

Para calcular a nota correspondente ao traballo (tanto ás actividades propostas para entregar á profesora como ás corrixidas na aula ou feitas na aula virtual), terase en conta o peso asignado a cada unha delas. Unha tarefa sen facer terá o valor equivalente, pero en negativo, a unha tarefa realizada á perfección, e as entregadas/feitas valoraranse en función da súa corrección e calidade. A nota final será o resultado de calcular a media das notas das actividades realizadas, valoradas do

0 ao 10. Este valor ponderarase segundo o indicado anteriormente para as actividades e actitude na aula.

Nota media da avaliación

A nota media da avaliación será a media das notas das unidades que integran esa avaliación.

Non se realizarán redondeos á alza por defecto. Os redondeos da nota serán decisión da profesora e esta decidirá se os fai ou non, a partir de que nota e en que momento en función da evolución e características do alumno.

No caso do alumnado con reforzo educativo que implique limitar as probas de avaliación aos mínimos exixibles da materia, a máxima cualificación que se poderá acadar será de 5 puntos. En caso de considerarse que o esforzo, traballo e interese do alumnado con reforzo foi destacable, poderá acadar unha puntuación de 6 puntos.

Recuperacións

Realizaranse probas de recuperación das unidades non superadas. Se o alumno/a acada unha inferior a 5 puntos na avaliación, deberá presentarse a unha recuperación das unidades non superadas. Deberá recuperar tamén aquelas unidades nas que, despois de realizar a media ponderada entre a proba escrita e o traballo, acade unha nota inferior a 3 puntos, independentemente de que na media da avaliación (cuxa nota será meramente orientativa, acade os 5 puntos).

As probas de recuperación realizaranse na avaliación seguinte á que está suspensa, excepto na 3ª avaliación, cuxa recuperación se realizará no periodo comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final.

A recuperación afectará soamente á proba escrita, conservándose a nota correspondente ao traballo/actitude da unidade suspensa. Na proba, avaliaranse as unidades suspensas de maneira individualizada (aínda formando parte da mesma proba escrita). A nota obtida (sexa superior ou inferior á anterior), substituirá a nota anterior para o cálculo da nota final da unidade.

Para o alumnado aprobado será obrigatoria a realización dunha proba tipo test de repaso das unidades da avaliación anterior. A nota obtida nesa proba será tida en conta na nota final da avaliación e do curso, se sube a media, ou como un dos criterios para determinar os redondeos das notas, se a baixa.

O proxecto de investigación terá como máximo o mesmo valor que unha unidade máis, pero non existirán probas de recuperación específicas para el, ao tratarse dun traballo realizado durante todo o curso e que pode recuperarse ao longo do proceso.

Período comprendido entre a finalización da 3ª avaliación e a avaliación final

No período comprendido entre a finalización da 3ª avaliación e a avaliación final realizarase a proba final de recuperación das unidades pendentes de recuperación na 1ª, 2ª e 3ª avaliación. A nota obtida substituirá a nota das probas escritas das unidades correspondentes no cálculo da nota final.

No período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final poderán realizarse actividades de reforzo, ampliación, e tamén actividades sobre contidos non cursados anteriormente (a priorización dunhas ou outras dependerá das circunstancias concretas de cada alumno/a). Non se realizará ningunha proba escrita sobre a materia cursada con posterioridade á 3ª avaliación, pero as actividades realizadas serán cualificadas e tidas en conta para o cálculo da nota do traballo na aula, segundo a ponderación que se indica no apartado seguinte. En calquera caso, a nota deste período poderá subir ou baixar a nota final, pero nunca suporá un cambio de aprobado a suspenso.

- **Avaliación final**

A nota final da materia virá dada polo resultado de aplicar a seguinte fórmula:

Nota= 0,9 · (media de todas as unidades avaliadas - substituíndo as notas das probas escritas polas das recuperacións correspondentes, de ser o caso -, test de repaso – cando suben a nota media - e proxecto de investigación, segundo a ponderación determinada para el) + 0,1 · nota do traballo realizado no período comprendido entre a finalización da 3ª avaliación e a avaliación final.

Superará a materia o alumnado que acade unha nota igual ou superior aos 5 puntos na nota final.

O grao de consecución de cada competencia en ESO e bacharelato podería ser:

COMPETENCIAS CLAVE	% na materia	ESO	BACH
Comunicación lingüística (CCL)		5	5
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía		40	50
Competencia dixital		10	10
Aprender a aprender		20	10
Competencias sociais e cívicas		10	10
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor		10	10
Conciencia e expresións culturais		5	5

Entre os **instrumentos de avaliación** temos:

- Exploración inicial. Para comprobar os coñecementos previos e establecer estratexias. Pódese facer una enquisa oral ou escrita, a través dunha ficha inicial
- Caderno do profesorado: na que deben constar as fichas de seguimento e onde se anoten os elementos a ter en conta: asistencia, rendemento nas tarefas, participación, conduta, resultados das probas e traballos etc.
- Análise do traballo do alumnado: como textos, monografías, traballos de aplicación etc.
- Intercambios orais co alumnado: debates, postas en común etc.
- Probas obxectivas orais ou escritas
- Fichas de observación de actitudes
- Rúbricas de avaliación das diferentes competencias
- Caderno do alumnado (sempre que se considere necesario)

O alumnado con materias pendentes de avaliacións anteriores poderá recibir actividades extra de recuperación, que serán significativas e adaptadas ao modo de aprendizaxe do alumnado, e que lle axuden a alcanzar os Obxectivos. Estas actividades poderán contar un 30% da nota de recuperación e o 70% a nota da proba obxectiva.

Os criterios de cualificación serán coñecidos polo alumnado, para así alcanzar os obxectivos propostos. Os resultados expresaranse de forma numérica de 1 a 10 na ESO y de 0 a 10 no bacharelato. Nas probas extraordinarias os no presentados figuraran como NP.

A cualificación será:

Instrumentos de avaliación	Exames escritos	80% (4º da ESO) 90% (en 2º de bacharelato)
	Notas de clase Traballos Cadernos Exposicións individuais o en grupo Lectura de libros ou artigos Foros de noticias	20% en 4º da ESO 10% en 2º de bacharelato
Observación da actitude	Mediante rubricas (avaliados en competencias)	Colaboración, traballo e equipo, atención etc.

Na presentación de traballos e exames deben axustarse o que se pida:

- Terase en conta a caligrafía e a limpeza do presentado
- Os traballos deberán ter: índice, contido, anexos (se é preciso), bibliografía..
- Como imos potenciar as TIC os contidos dos traballos poden ser en soporte dixital, ou subidos as Aulas virtuais dos diferentes grupos (os que traballen con elas)
 - Os criterios de cualificación na avaliación de pendentos serán:
 - 70% exame de contidos xerais ou de cuestións
 - 30% a presentación de actividades previamente entregadas ao alumnado.
 - Os criterios de cualificación de a avaliación final ordinaria e final extraordinaria serán os reflectidos na táboa.
 - Para facer media con outros exames da avaliación, a nota mínima do alumnado será de 3.
 - A promoción do alumnado será cando a avaliación final ou a extraordinaria sexa positiva e os obxectivos e as competencias estean acadadas. Valorarase o proceso global do alumnado.
 - A nota final do curso será a media das avaliacións, tendo en conta que a nota final é a mesma que a da 3ª avaliación.
 - Ó alumnado que no exame se lle colla copiando, con calquera dispositivo, se lle quitará o exame e obterá un 0 en dito exame.

8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

PROGRAMACIÓN

Indicadores de logro	Puntuación	Observacións
Os obxectivos formuláronse en función dos estándares de aprendizaxe que concretan os criterios de avaliación	De 1 a 10	
A selección e temporalización de contidos e actividades foi axustada		
A programación facilitou a flexibilidade das clases, para axustarse ás necesidades e intereses do alumnado		
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros e coñecidos polo alumnado, permitindo facer un seguimento deles		
A programación realizouse en coordinación co resto do profesorado		

4º da ESO (por exemplo)

Estándares de aprendizaxe	Temporalización prevista			Temporalización real		
	1º	2º	3º	1º	2º	3º
BXB1.2.3.						
BXB1.3.1.						
BXB2.1.1.						
BCB2.2.1.						

DESENVOLVEMENTO

Indicadores de logro	Puntuación	Observacións
A o comezo da actividade, fíxose unha introdución sobre o tema para saber os coñecementos previos	De 1 a 10	
Antes de iniciar unha actividade, xustificouse o plan de traballo e se informou dos criterios de avaliación		

Os contidos e actividades relacionáronse co interese do alumnado e construíronse a partir dos coñecementos previos		
Presentouse ao alumnado un mapa conceptual do tema, para servir de orientación no proceso de aprendizaxe		
As actividades propostas foron avaliadas na súa tipoloxía e tipo de argumento para favorecer as competencias clave		
A distribución do tempo na aula é adecuada		
Utilizáronse recursos variados		
Facilitáronse estratexias para comprobar que o alumnado comprende, e se non sepa pedir aclaracións		
Facilitouse ao alumnado estratexias de aprendizaxe		
Favoreceuse a elaboración conxunta de normas de funcionamento na aula		
As actividades de grupo foron suficientes e significativas		
O ambiente na clase foi adecuado e produtivo		
Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso		
Proporcionáronse actividades alternativas cando nos se alcanzaron os obxectivos en primeira instancia		
Houbo coordinación con outros profesores		

AVALIACIÓN

Indicadores de logro	Puntuación	Observacións
Realizouse unha avaliación inicial para axustar a programación á situación real de aprendizaxe	De 1 a 10	
Utilizáronse distintos procedementos e instrumentos de avaliación		
O alumnado contou con ferramentas de autocorrección, autoavaliación		
Proporcionáronse actividades e procedementos para recuperar a materia co alguna avaliación suspensa, pendente ou a final extraordinaria		
Os criterios de cualificación propostos foron axustados e rigorosos		
Os pais foron adecuadamente informados sobre o proceso de avaliación, criterios de cualificación e promoción		

9. Organización das actividades de seguimento, recuperación a avaliación das materias pendentes

Realizaranse probas escritas e una serie de actividades propostas o longo do trimestre, nas datas que a xefatura de estudos indique. As probas escrita serán tres exames e un final.

Grao mínimo a acadar nos estándares de aprendizaxe:

Bioloxía e Xeoloxía 1º da ESO

- Identificar as ideas sobre a orixe do Universo
- Identificar a posición da Terra no Sistema Solar
- Describir as características xerais da codia, manto e núcleo
- Recoñecer a estrutura e composición da atmosfera
- Describir o ciclo da auga en relación cos seus cambios de estado
- Recoñecer os problemas de contaminación das augas doces e salgadas
- Describir as características que posibilitaron o desenvolvemento da vida na Terra
- Estimar a importancia da biodiversidade
- Recoñecer exemplares de vertebrados e asinalos á clase á que pertencen
- Describir as características xerais dos principais grupos de plantas
- Identificar os compoñentes dun ecosistema
- Seleccionar acción que preveñan a destrución ambiental

Bioloxía e Xeoloxía 3º ESO

- Establecer analogías e diferencias entre célula procariota e eucariota, e entre célula animal e vexetal
- Diferenciar o tipos celulares e describir a función dos orgánulos máis importantes
- Recoñecer os principais tecidos que conforman o corpo humano e asóciaos á súa función
- Coñecer e describir os hábitos de vida saudable e identificalos como medio de promoción da súa saúde
- Explicar en que consiste o proceso de inmunidade, e valorar o papel das vacinas como medio de prevención das doenzas
- Identificar as consecuencias de seguir condutas de risco coas drogas, para o individuo e a sociedade
- Diseñar hábitos nutricionais saudables mediante a elaboración de dietas equilibradas
- Coñecer e explicar os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e o seu funcionamento
- Enumerar as glándulas endócrinas e asocia con elas as hormonas segregadas e a súa función
- Localizar os principais ósos e músculos do corpo humano
- Identificar a influencia do clima e das características das rochas que condicionan os tipos de relevo
- Analizar a actividade de erosión, transporte e sedimentación producida polas augas superficiais
- Asocia a actividade eólica cos ambientes en que esta actividade xeolóxica pode

- ser relevante
- Xustificar a existencia de zonas en que os terremotos son máis frecuentes e de maior magnitude
- Recoñece que o solo é o resultado da interacción entre os compoñentes bióticos e abióticos, e sinala algunha das súas interaccións

Bioloxía e Xeoloxía 1º de Bacharelato

- Identificar os monómeros constituíntes das macromoléculas orgánicas
- Asociar biomoléculas coa súa función biolóxica da acordo coa súa estrutura
- Perfilar as células procariotas e eucariotas e nomea as súas estruturas
- Describir os acontecementos fundamentais en cada fase da mitose e meiose
- Relaciona tecidos animais e/ou vexetais coas súas células características, asociando a cada unha a súa función
- Coñece o concepto de biodiversidade e relacionao coa variedade e abundancia de especies
- Recoñece os cinco reinos en que se clasifican os seres vivos
- Enumera as fases da especiación
- Define o concepto de endemismo ou especie endémica
- Enumerar as principais causas da perda de biodiversidade derivadas das actividades humanas
- Detallar os principais feitos que acontecen durante cada fase da fotosíntese e asocia, a nivel de orgánulo, onde se producen
- Describir tropismos e nastias
- Distinguir os mecanismos de reprodución asexual e a reprodución sexual nas plantas
- Relacionar cada órgano do aparello dixestivo, circulatorio e respiratorio coa súa función
- Definir e explicar o proceso de excreción
- Distinguir os principais sistemas nerviosos de vertebrados
- Describir as principais diferencias entre glándulas endócrinas e exócrinas
- Identificar tipos de reprodución asexual y sexual nos organismos
- Caracterizar os métodos de estudo da Terra
- Analizar o modelo xeoquímico e xeodinámico da Terra e contrasta o que achega cada un deles ao coñecemento da estrutura da Terra
- Identificar os bordos de placas e explicar os fenómenos asociados a eles
- Distinguir os factores que determinan os tipos de magma, e clasifícaos atendendo á súa composición
- Analizar os riscos xeolóxicos derivados dos procesos internos. Vulcanismo e sismicidade
- Clasificar o metamorfismo en función dos factores que o condicionan
- Detallar as fases do proceso de formación dunha rocha sedimentaria
- Distinguir os elementos dunha dobra e una falla
- Categorizar os fósiles guía e valorar a súa importancia na historia xeolóxica da Terra

10. Medidas de atención a diversidade

No caso da atención a diversidade debe terse en conta o seguinte:

1. A diversidade na programación: ter en conta os contidos nos que a alumnado conseguen rendementos diferentes, polo que as actividades e os métodos de traballo deberán adaptarse ao grupo.
Deberase ter en conta o grao de complexidade ou a profundidade, para isto se organizaran actividades de reforzo e de ampliación segundo as necesidades, desta maneira poderán traballar sobre un mesmo contido alumnado de distintas necesidades Tamén teremos en conta que non todo o alumnado progresa á mesma velocidade nin coa mesma profundidade, polo que a programación ten uns graos mínimos que o alumnado debe acadar ao termino da etapa
2. A diversidade no metodoloxía: implica que o profesorado detecte os coñecementos previos, para proporcionar axuda cando se detecte una lagoa anterior.
Ademais debe procurarse que os contidos novos estean vinculados cos anteriores e sexan os adecuados co nivel cognitivo
Debe intentarse que a comprensión de cada contido sexa suficiente para que o alumnado poida facer una mínima aplicación deste, e poidan enlazar con outros similares
3. A diversidade nos materiais utilizados: se utilizara nos cursos da ESO o libro de texto, nos de bacharelato a profesorado pode recomendar texto pero sen ser obrigatorio.
Os instrumentos que se utilizaran para atender a diversidade:
 - Diferentes metodoloxías
 - Variedade de actividades de reforzo e afondamento
 - Variados procedementos de avaliación
 - Diversidade de mecanismos de recuperación
 - Traballo en grupos pequenos
 - Traballos voluntarios

Estes instrumentos poderanse completar con outra medidas como: unhas detallada avaliación inicial, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula, insistir nos reforzos positivos para mellorar a autoestima e aproveitar as actividades fóra da aula para lograr una boa cohesión e integración do grupo.

11. Concreción dos elementos transversais que se traballaran no curso correspondente

Contidos transversais do artigo 4 do Decreto 86/2015:

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúñas das materias de cada etapa.
2. A Consellería con competencias en materia de educación fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.
Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual
3. A Consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan analizar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico
4. No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

A nivel de centro aprobada polo Claustro

12. Actividades complementarias e extraescolares programadas para cada curso (Departamento)

Non serán avaliadas a efectos da nota do alumnado pero poden ser avaliadas de cara a ver o que aprendeu o alumnado nesa actividade.

Serán obrigatorias, sempre que non impliquen achegas económicas.

Estas actividades perseguen os propósitos de:

- Mellorar a relación entre o alumnado e axudarlles a adquirir habilidades sociais e de comunicación
- Completar a formación que recibe ao alumnado nas actividades curriculares
- Permitir a apertura do alumnado cara o contorno físico e cultural que o rodea
- Contribuír ao desenvolvemento de valores e actitudes adecuadas relacionadas coa interacción e o respecto cara aos demais, e o coidado do patrimonio natural e cultural
- Estimular o desexo de investigar e saber
- Favorecer a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade do alumno
- Espertar o sentido da responsabilidade nas actividades nas que se integre e realicen

Entre as actividades complementarias que se realizan no departamento están:

- 1º e 3º e 4º da ESO Bioloxía e Xeoloxía utilización da aula virtual, segundo o tipo de ensinanza que se poda desenvolver (presencial o semipresencial).
- 1º de bacharelato de Bioloxía e Xeoloxía: Traballos de diferentes temas en grupo o individuais, utilización da aula virtual.
- 1º de bacharelato de Cultura Científica: Traballos de diferentes temas en grupo o individuais, utilización da aula virtual.
- 2º de bacharelato de Bioloxía: terán un aula virtual onde subirán os traballos que realizaran en grupo e que expoñerán na clase e as presentacións de diferentes temas e vídeos por parte do profesorado.
- Celebración do Día da Terra (22 de abril) para concienciar ao alumnado da necesidade de protexer o medio ambiente e conservar a biodiversidade, Para recoñecer á Terra como o noso fogar e a nosa “nai”: realizaranse actividades para conmemorar o día, co alumnado de 1º e 2º da ESO.
- Conferencias que poidan realizarse en función do desenvolvemento da pandemia.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PROPOSTAS POLO DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA

- Visita ao Museo da SGHN. Ferrol. 1º ESO.
- Charla de Astronomía (Paulino-SGHN). Ferrol 1º ESO.
- Casa do HOME. Coruña. 3º ESO. Esta saída pode combinarse coa visita á casa das ciencias dependendo dos horarios que nos asignen.
- Actividade de disección de corazón e de ollo de vaca on line con 3º da ESO organizada en colaboración coa DOMUS de Coruña.
- Excursión pola ría de Ferrol na lancha de Mugar dos en colaboración co departamento de Historia e en función das subvencións dispoñibles con 4º da ESO.
- Realización de diversas prácticas nos laboratorios de bioloxía e xeoloxía en 1º, 3º e 4º da ESO e en bacharelato.
- Visita á estación biolóxica da Graña. 1º e 2º de bacharelato.
- Charla de educación sexual con 3º da ESO.
- Interpretación dun intermareal con 1º de bacharelato.
- Xeoruta con 4º ESO e 1º de bacharelato.
- Visita ao Parque Natural das Fragas do Eume con 1º da ESO en colaboración co departamento de Historia.

13. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

A nivel de centro, se estudaran os resultados da labor docente e a revisión dos resultados acadados polo noso alumnado, analizando as causas deses resultados e as medidas a tomar para melloralos

Propostas de Mellora:

- Unha mellor coordinación dos contidos dados polos diferentes membros do departamento
- A alumnado pendente é escaso polo que se realizara unha reunión o comezo do curso con ese alumnado para destacar os temas máis importantes e propor unhas actividades que se terán en conta na nota da avaliación.

Revisar a metodoloxía de aprendizaxe

ESO

Reforzando o coñecemento dos contidos básicos, ensinando ó alumnado a subliñar os conceptos fundamentais de cada tema, fomentando a escritura e a mellora ortográfica facendo que o alumnado elabore resumos coas ideas principais de cada tema Utilizando esquemas que resuman os contidos estruturais de cada tema. Revisando periodicamente o caderno do alumnado para observar a súa implicación no traballo da materia. Motivando a súa curiosidade con documentos científicos recopilatorios de contidos de distintas fontes

Fomentando a lectura e ensinándolles a recoller a información axeitada de libros da biblioteca ou de artigos publicados en distintos medios e especialmente nos medios dixitais.

BACHARELATO

Reforzando os coñecementos que permitan achegar a ciencia á realidade cotiá. Dándolle relevancia a formación científica como resposta a un mundo real. Plantexando tarefas de investigación que motiven ó alumnado e fomenten a busca de respostas en diversas fontes informativas. Motivando o alumnado coa valoración da creatividade e orixinalidade científica na resolución de tarefas, fomentando o debate sobre os intereses científicos e os límites éticos

Revisar a metodoloxía do exame

Concretando as preguntas para que sexan claras e sen ambigüidades. Indicando a carón de cada pregunta a puntuación da mesma. O alumnado debe saber o valor da súa resposta no momento da resolución do exame.

Detectar e informar ás familias, o antes posible, das carencias de traballo e estudo ou do comportamento inadecuado que dificulten a aprendizaxe do alumnado. Esta información poderá ser transmitida a través dos titores ou directamente.

De carácter xeral

Formación académica do alumnado para que podan desenvolverse con autonomía no manexo da aula ou plataforma dixital

Mellorar as técnicas de estudo do alumnado para fomentar a capacidade de síntese na aprendizaxe, extraendo as ideas fundamentais dos temas.

Simplificar as programacións exhaustivas priorizando os estándares fundamentais
Permitir con carácter xeral modificar os currículos e as programacións con dous obxectivos fundamentais:

Achegar os contidos ós intereses reais dunha formación científica ligada a realidade
Priorizar sobre a cantidade dos contidos a calidade e profundidade dos mesmos para lograr concreción .

Formación académica do profesorado no uso das novas tecnoloxías, priorizando a aprendizaxe real sobre as cargas burocráticas e administrativas

Dar relevancia o control das ratios de alumnos/as por aula. Na aprendizaxe presencial ou virtual e fundamental poder adicar o tempo necesario as necesidades individuais de aprendizaxe de cada alumno. O alumnado de NEE como o de altas capacidades ten que ter unha observación e o seguimento individual imprescindibles para acadar os obxectivos desa formación académica e persoal.

Responsabilizar o alumnado da importancia de entregar as tarefas, dentro do prazo establecido, sen esperar ó último día polas dificultades académicas ou técnicas que podan xurdir. A ampliación dos prazos de entrega non pode ser considerada máis que unha medida excepcional que só pode solicitarse cando hai argumentos documentalmente xustificación.

METODOLOXÍA (no suposto de cuarentena ou confinamento)

Os contidos desenvolveranse telemáticamente a través da Aula virtual, Moodle, o blog da aula, Espazo Abalar ou Webex

Mediante as seguintes actividades:

- Presentación mediante documentos power point, word PDF. dos temas a desenvolver.
- Vídeos explicativos sobre diferentes contidos.
- Nalgúns temas, segundo a complexidade dos mesmos e para facilitar a aprendizaxe do alumnado, pódense elaborar resumos centrados nos contidos fundamentais.
- Tarefas diversas que reflicten a aprendizaxe do alumnado sobre ditos contidos
- Valoración das tarefas proporcionalmente ao número e a complexidade das mesmas.
- A criterio do profesorado pódense realizar videoconferencias a través da aplicación Webex.

A avaliación realizarase en función das circunstancias que acompañen dito confinamento e dos medios dispoñibles.